A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar o informe-proposta nos termos nos que quedou transcrito.

8. APROBACIÓN DAS LIQUIDACIÓNS CORRESPONDENTES A TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR CORRESPONDENTES AO MES DE ABRIL 2025

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 21.05.2025, que literalmente di:



“PROPOSTA DE ALCALDÍA

Asunto: APROBACIÓN DAS LIQUIDACIÓNS CORRESPONDENTES A TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR CORRESPONDENTES AO MES DE ABRIL 2025.

O Concello de Cedeira desenvolve o programa de Servizos Sociais de axuda no fogar e conta coa autorización de inicio de actividade inscrito no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais da Xunta de Galicia co número de identificación E-736/P.001.

A nova ordenanza municipal do servizo de axuda no fogar do Concello de Cedeira publicada no BOP núm.:94 do 19.05.2016 adaptada ao Decreto 99/2012, modificado polo Decreto 149/2013, do 5 de setembro polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia e se determina o sistema de participación das persoas usuarias no financiamento do seu custo entrou en vigor o día 07.06.2016.

O regulamento do servizo de axuda no fogar do Concello de Cedeira establece no artigo 7.8 a obriga dos usuarios de participar no pagamento do servizo nos termos establecidos na súa norma reguladora. A participación no financiamento do servizo está regulado nos artigos 17 e 18 da ordenanza municipal do servizo de axuda no fogar.

Unha vez determinada a participación de cada persoa usuaria no copagamento do servizo e comprobadas as horas efectivas de atención realizadas a cada un deles polo persoal do Departamento de Servizos Sociais do Concello,

É polo que se **propón** a esta **Xunta de Goberno Local**:

1º) A aprobación das liquidacións correspondentes a:

taxa pola prestación do servizo de axuda no fogar, **modalidade dependencia**, correspondente ó mes de abril 2025 que empeza por cun importe de 71,36 € e finaliza con cun importe de 49,69 € e se compón de 49 obrigados ó pagamento ascendendo a un total de 5.135,24 €.

taxa pola prestación do servizo de axuda no fogar, **modalidade libre concorrencia**, correspondente ó mes de abril 2025 que empeza por DNI: cun importe de 39,60 € e finaliza con cun importe de 32,40 € e se compón de 7 obrigados ó pagamento ascendendo a un total de 432,00 €.

2º) Que se continúe coa recadación das cantidades.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

9. APROBACIÓN DA XUSTIFICACIÓN DE SUBVENCIONS EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA PARA CLUBES E ENTIDADES CULTURAIS DO CONCELLO DE CEDEIRA PARA O EXERCICIO 2024. ASOCIACIÓN CULTURAL AS ATURUXEIRAS CON NIF G70395561. EXPEDIENTE: 2025/G006/000141

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 15.05.2025, que literalmente di:



“Expediente: 2025/G006/000141

Asunto: APROBACIÓN DA XUSTIFICACIÓN DE SUBVENCIONS EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA PARA CLUBES E ENTIDADES CULTURAIS DO CONCELLO DE CEDEIRA PARA O EXERCICIO 2024. ASOCIACIÓN CULTURAL AS ATURUXEIRAS CON NIF G70395561.

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO

Vistas as bases reguladoras para a concesión de subvencións destinadas a entidades e asociación socioculturais de ámbito municipal de Cedeira para o ano 2024, que foron aprobadas na Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria realizada o día 05-07-2024 e publicadas no BOP de 15 de xullo de 2024. O extracto da convocatoria foi efectuado a través da Base de Datos Nacional de Subvencións e publicado no BOP de data 18 de xullo de 2024.

Consta no expediente a documentación xustificativa da subvención presentada pola ASOCIACIÓN CULTURAL AS ATURUXEIRAS con NIF G70395561.

Visto o informe favorable con observacións de Intervención de data 14.05.2025 relativo a xustificación da subvención no que se sinala: “Visto que non xustifican o importe total subvencionado, 300,00€ na área de investimentos e, tendo depositada unha garantía por importe de 90,00€ correspondente a área de investimentos e unha garantía por importe de 698,72€ na área de actividades, se propón a compensación do importe que debe abonarlles o concello na área de actividades, 698,72€ co importe que debería a asociación reintegrar ao concello na área de investimentos, 20,00€. Polo tanto, o importe a abonarlle á entidade sería de 678,72€”.

Conforme as atribucións previstas na normativa vixente, veño a proporner á Xunta de Goberno Local o seguinte:

PRIMEIRO. Aprobar a xustificación da subvención realizada pola ASOCIACIÓN CULTURAL AS ATURUXEIRAS con NIF G70395561 nos termos sinalados no informe de Intervención enriba mencionado.

SEGUNDO. Liberar a garantía depositada polo importe xustificado da subvención 678,72 € correspondente á subvención destinada a actividades, abonando o importe con cargo ao concepto non orzamentario 20510 (fianzas definitivas, metálico).

TERCEIRO. Anular en contabilidade a garantía segundo o seguinte importe:

Nº Operación	Fase	Fecha	Aplicación	Importe
320240000506	SIA	01/01/2025	20510	20,00€
320240000523	SIA	01/01/2025	20510	90,00€

CUARTO. Ordenar a súa devolución mediante transferencia bancaria á conta corrente da entidade citada que figura na base de datos da contabilidade municipal.

QUINTO. Notificar a presente Resolución á entidade interesada con indicación dos recursos que resulten procedentes.



SEXTO. Dar traslado a Intervención e Tesourería aos efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

10. DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA NÚM. 217/2025 DE DATA 12.05.2025 DE APROBACIÓN DO EXPTE. DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE CAMPAMENTOS URBANS DO CONCELLO DE CEDEIRA DURANTE O VERÁN E NADAL DE 2025 E O VERÁN DE 2026

Dáse conta á Xunta de Goberno Local da resolución de Alcaldía núm. 217/2025 de data 12.05.2025, que di:

“RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Asunto: APROBACIÓN DO EXPTE. DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO de CAMPAMENTOS URBANS DO CONCELLO DE CEDEIRA DURANTE O VERÁN E NADAL DE 2025 E O VERÁN DE 2026

Nº Expediente: 2025/C004/000003

O concello de Cedeira establece como obxectivo prioritario na área de Educación a organización de accións, programas e servizos que promovan a conciliación da vida laboral, familiar e persoal da cidadanía de Cedeira e como unha medida a desenvolver, a consolidación do desenvolvemento de actividades socioeducativas, de ocio e tempo libre durante os períodos non lectivos dirixidas a nenas e nenos coa finalidade de facilitar a conciliación das familias.

En base ao anterior, a necesidade da realización das actividades de conciliación ven determinada por varios factores:

1. A conciliación da vida laboral, familiar e persoal segue sendo unha necesidade que afecta a cidadanía con especial repercusión nas mulleres, debido a razóns de xénero asociadas a roles e estereotipos que, tradicionalmente, identificaron ás mulleres co ámbito doméstico.
2. A implantación dos “CAMPAMENTOS URBANOS DO CONCELLO DE CEDEIRA” non só beneficia ás persoas participantes e os seus proxenitores, tamén ao resto da familia e achegados que, en moitas ocasión, teñen que asumir a función de coidadores ao non existir recursos que faciliten a conciliación.

A contratación vén xustificada polas necesidades que hai que cumprir coa execución do contrato de acordo co artigo 25.2 da Lei 7/1985 reguladora das bases de réxime local, *“o concello exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das comunidades autónomas, nas seguintes materias: (...) m) Promoción da cultura e equipamentos culturais e o) Actuacións na promoción da igualdade entre homes e mulleres así como contra a violencia de xénero”*.

No artigo 39.1, o texto constitucional establece o deber dos poderes públicos de aseguraren a protección social, económica e xurídica da familia e, no artigo 9.2, atribúelles ós poderes públicos o deber de promoveren as condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos en que se integran sexan reais e efectivas, e de removeren os obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude facilitando a participación de tódolos cidadáns na vida política, económica, cultural e social.



A Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, no seu artigo 8 indica as competencias dos municipios no eido da protección da familia, entre as que sinala a “*execución de programas e proxectos destinados á atención á familia e (...) a ocupación do tempo libre.*”

A mesma lei, no seu artigo 42 no que enumera os dereitos de especial protección da infancia e da adolescencia cita o “*dereito ao descanso e esparcemento, ao xogo e ás actividades recreativas propias da súa idade.*”

Ao non dispoñer o Concello dos medios, técnicos e humanos, necesarios para a realización deste servizo, tal e como se sinala no informe do técnico de Recursos Humanos do concello de data 08.05.2025, considérase necesario a contratación dunha empresa externa para a súa execución, considerando que a actuación que se pretende contratar é adecuada ao fin perseguido.

Para os efectos previstos no artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante, LCSP 2017), en relación co artigo 116 do citado texto legal, o órgano de contratación entende necesario proceder á licitación deste servizo, actuación incardinable nun contrato administrativo de servizos, segundo o previsto no artigo 17 da precitada LCSP 2017.

Atendida a Memoria xustificativa da necesidade de contratar o servizo de conciliación municipal “CAMPAMENTOS URBÁNS DO CONCELLO DE CEDEIRA DURANTE O VERÁN E NADAL DE 2025 E O VERÁN DE 2026” asinada o 12.05.2025, para os efectos previstos no artigo 28.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante, LCSP 2017), en relación co artigo 116 do citado texto legal na que entende necesario proceder á prestación do devandito subministro, actuación incardinable nun contrato administrativo de servizos, segundo o previsto no artigo 17 da LCSP 2017.

Visto o expediente administrativo nº 2025/C004/000003 incoado para levar a cabo a tramitación do contrato administrativo de servizos de conciliación municipal “CAMPAMENTOS URBÁNS DO CONCELLO DE CEDEIRA DURANTE O VERÁN E NADAL DE 2025 E O VERÁN DE 2026”, por importe de 43.930,17 €, IVE incluído.

Atendido o Prego de prescricións técnicas do servizo de conciliación municipal “CAMPAMENTOS URBÁNS DO CONCELLO DE CEDEIRA DURANTE O VERÁN E NADAL DE 2025 E O VERÁN DE 2026”, asinado polo concelleiro D. Noel López López, cun orzamento que ascende á cantidade de 43.930,17 € IVE incluído, na data do 08.05.2025 que obra no expediente e o Prego de cláusulas administrativas particulares que han de rexer no contrato de servizos, de conciliación municipal “CAMPAMENTOS URBÁNS DO CONCELLO DE CEDEIRA DURANTE O VERÁN E NADAL DE 2025 E O VERÁN DE 2026” a adxudicar por procedemento aberto con varios criterios de adxudicación, obrantes no expediente.

Atendido o informe xurídico favorable emitido pola Secretaría deste Concello de data 11.05.2025.

Atendida a fiscalización favorable emitida pola Intervención deste Concello de data 12.05.2025.

Atendido que se escolleu o procedemento aberto de conformidade co disposto no artigo 159 da LCSP 2017.



Atendido que segundo o artigo 116 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP) a subscrición de contratos por parte das administracións públicas requirirá a tramitación previa do correspondente expediente, que iniciará o órgano de contratación motivando a necesidade do contrato nos termos previstos no artigo 28 desta lei e que deberá ser publicado no perfil de contratante.

Resultando que conforme ao artigo 117 da LCSP completado o expediente de contratación, ditarase resolución motivada polo órgano de contratación aprobando o mesmo e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación.

Tendo en conta a D.A.2ª.1 dispón: *“Corresponden aos Alcaldes e aos Presidentes das Entidades Locais as competencias como órgano de contratación respecto dos contratos de obras, de subministración, de servizos, os contratos de concesión de obras, os contratos de concesión de servizos e os contratos administrativos especiais, cando o seu valor estimado non supere o 10 por cento dos recursos ordinarios do orzamento nin, en calquera caso, a contía de seis millóns de euros, incluídos os de carácter plurianual cando a súa duración non sexa superior a catro anos, eventuais prórrogas incluídas sempre que o importe acumulado de todas as súas anualidades non supere nin a porcentaxe indicada, referido aos recursos ordinarios do orzamento do primeiro exercicio, nin a contía sinalada”*, por Resolución núm. 345/2023 de 10 de xullo, se delega na Xunta de Goberno Local, de conformidade co disposto no artigo 21.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, o exercicio das seguintes atribucións *“As competencias como órgano de contratación respecto dos contratos de obras, de subministración, de servizos, os contratos de concesión de obras, os contratos de concesión de servizos, los contratos administrativos especiais e os contratos privados, cuxo valor estimado sexa superior a 10.000,00 € e non supere o 10 % dos recursos ordinarios do orzamento nin, en calquera caso, a contía de 6.000.000,00 €, incluídos os de carácter plurianual cando a súa duración non sexa superior a 4 anos, sempre que o importe acumulado de todas as súas anualidades non supere nin a porcentaxe indicada, referida aos recursos ordinarios do orzamento do primeiro exercicio, nin a contía sinalada.”*

Atendida a necesidade de proceder sen dilacións á adxudicación do contrato e de que se inicie o CAMPAMENTO URBÁN DO CONCELLO DE CEDEIRA DURANTE O VERÁN DE 2025.

Atendido que razóns de eficacia, sinaladas no parágrafo anterior, fan convinte avocar a competencia delegada na Xunta de Goberno Local para a adxudicación do contrato administrativo de servizos de referencia na Alcaldía como órgano delegante

Considerando o disposto no artigo 10 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Atendido o anteriormente sinalado, esta Alcaldía **RESOLVE:**

PRIMEIRO.- Avocar para sí, como órgano que foi o delegante da mesma, a competencia para a aprobación da Memoria xustificativa así como o expediente nº 2025/C004/000003 de contratación de servizos de conciliación municipal de “CAMPAMENTOS URBÁNS DO CONCELLO DE CEDEIRA DURANTE O VERÁN E NADAL DE 2025 E O VERÁN DE 2026”, delegada por Resolución núm. 345/2023 de 10 de xullo, polo seguinte motivo: adxudicación do contrato antes de que se inicie o campamento de verán 2025 previsto para o 1 de xullo de 2025.

SEGUNDO.- Aprobar a Memoria xustificativa da necesidade de licitar o contrato de servizos de conciliación municipal de “CAMPAMENTOS URBÁNS DO CONCELLO DE CEDEIRA DURANTE O VERÁN E NADAL DE 2025 E O VERÁN DE 2026”, elaborada pola Alcaldía con data



12.05.2025, para os efectos previstos no artigo 28 da LCSP 2017, en relación co artigo 116 do citado texto legal.

TERCEIRO.- Non dividir en lotes o obxecto do contrato, tal e como se sinala na Memoria xustificativa.

CUARTO.- Aprobar o expediente nº 2025/C004/000003 de contratación de servizos de conciliación municipal de “CAMPAMENTOS URBÁNS DO CONCELLO DE CEDEIRA DURANTE O VERÁN E NADAL DE 2025 E O VERÁN DE 2026”, mediante procedemento aberto.

QUINTO.- Aprobar o Prego de prescricións técnicas do contrato de servizos de conciliación municipal de “CAMPAMENTOS URBÁNS DO CONCELLO DE CEDEIRA DURANTE O VERÁN E NADAL DE 2025 E O VERÁN DE 2026”, asinado polo Concelleiro-Delegado de Educación, Mocidade e Normalización Lingüística, Noel López López, na data 08.05.2025, e o Prego de cláusulas administrativas particulares que han de rexer no contrato mencionado, a adxudicar por procedemento aberto con varios criterios de adxudicación, nos termos que figura no expediente.

SEXTO.- Autorizar o gasto por importe de CORENTA E TRES MIL NOVECIENTOS TRINTA EUROS CON DEZASETE CÉNTIMOS (43.930,17 €), con cargo á aplicación orzamentaria 3342.22799 do orzamento municipal para o 2025, que é o prorrogado do ano 2024.

SÉTIMO.- Proceder á apertura do procedemento de adxudicación do presente contrato administrativo de servizos por procedemento aberto, dando orde de que se proceda á publicación da licitación na Plataforma de Contratos do Estado, expresando que o prazo de presentación de proposicións será de vinte (20) días naturais contados desde o día seguinte ao da súa publicación.

OITAVO.- Nomear como membros do comité de expertos para o contrato administrativo de servizos de referencia ás persoas que a continuación se indican:

- O Concelleiro-Delegado de Educación, Mocidade e Normalización Lingüística, Noel López López
- A traballadora social do concello, Sofía Mesía Parga
- A axente de emprego e desenvolvemento local, Ángeles Rodríguez Martínez

NOVENO.- Dar conta da presente resolución á Xunta de Goberno Local na vindeira sesión que realice.”

A Xunta de Goberno Local dáse por enterada.

11. DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA NÚM. 230/2025 DE DATA 21.05.2025 DE SOLICITUDE DE AXUDA PARA O PROXECTO “CONSTRUCCIÓN DUN CENTRO DE ADESTRAMENTO DEPORTIVO ESPECIALIZADO” AO ABEIRO DA ORDE DO 10 DE ABRIL DE 2025 DA CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES POLA QUE SE ESTABLECEN OS CRITERIOS DE DISTRIBUCIÓN DO FONDO ADICIONAL AO FONDO DE COOPERACIÓN LOCAL DESTINADO Á REALIZACIÓN DE INVESTIMENTOS EN INFRAESTRUTURAS MUNICIPAIS DE CARÁCTER ESTRATÉXICO. PR486E

Dáse conta á Xunta de Goberno Local da resolución de Alcaldía núm. 230/2025 de data 21.05.2025, que di:

“RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA



SOLICITUDE DE AXUDA PARA O PROXECTO “CONSTRUCCIÓN DUN CENTRO DE ADESTRAMENTO DEPORTIVO ESPECIALIZADO” AO ABEIRO DA ORDE DO 10 DE ABRIL DE 2025 DA CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES POLA QUE SE ESTABLECEN OS CRITERIOS DE DISTRIBUCIÓN DO FONDO ADICIONAL AO FONDO DE COOPERACIÓN LOCAL DESTINADO Á REALIZACIÓN DE INVESTIMENTOS EN INFRAESTRUTURAS MUNICIPAIS DE CARÁCTER ESTRATÉXICO. PR486E

Vista a Orde do 10 de abril de 2025 pola que se establecen os criterios de distribución do fondo adicional ao Fondo de Cooperación Local destinado á realización de investimentos en infraestruturas municipais de carácter estratéxico (código de procedemento PR486E)., publicada no DOGA número 75 de 21 de abril de 2025.

Visto o proxecto coa denominación “Construcción dun Centro de adestramento deportivo especializado” cun orzamento sen IVE de 570.082,23€ e IVE incluído de 689.799,50€.

Visto que, segundo o artigo 5 da Orde de convocatoria, o importe máximo inicial da asignación por concello establécese nun 50% do orzamento e co límite de 700.000 € por proxecto estratéxico.

Polo exposto, **RESOLVO:**

Primeiro.- Avocar a competencia delegada na Xunta de Goberno Local mediante a Resolución núm. 345/2023 de 10.07.2023 por darse as circunstancias recollidas no art. 10 da Lei 40/2015 de 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público.

Segundo.- Aprobar a solicitude de participación na convocatoria ao abeiro da Orde do 10 de abril de 2025 para a realización do proxecto “Construcción dun Centro de adestramento deportivo especializado” cun orzamento IVE incluído de 689.799,50€ e solicitar subvención polo 50% do orzamento presentado, 344.899,75€.

Terceiro.- Aceptar as condicións de financiación e demais requisitos establecidos na orde de convocatoria.

Cuarto.- Dar conta da presente resolución á Xunta de Goberno Local na próxima sesión que se realice.”

A Xunta de Goberno Local dáse por enterada.

12. DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA NÚM. 232/2025 DE DATA 21.05.2025 DE LEVANTAMENTO REPARO RELACIÓN DE FACTURAS F/2025/21

Dáse conta á Xunta de Goberno Local da resolución de Alcaldía núm. 232/2025 de data 21.05.2025, que di:

“Expediente: 2025/G003/000249

Asunto: LEVANTAMENTO REPARO RELACIÓN DE FACTURAS F/2025/21

DECRETO ALCALDÍA

Vista a relación de facturas F/2025/21 que suma un importe total de 63.344,29 €:



Nº REX	NºFRA	DATA FRA	CIF/NIF	NOME	TEXTO	TIPO CONTRATO	PROG	ECON	IMPORTE
F/2025/1205	25 121	30/04/2025	B82485855	HALLKUSS CORPORATION, S.L	SERVICIO DE LIMPIEZA VIARIA Y RECOGIDA DE RSU MES DE ABRIL DE 2025	SE	1621	22700	43.165,34 €
F/2025/1256	2025/1065	30/04/2025	A15379803	SOCIEDAD GALEGA DO MEDIO AMBIENTE	Tratamento RU Mes Abril 2025 / Reducción (AYUNTAMIENTO DE CEDEIRA)	SE	1623	22799	20.178,95 €
TOTAL									63.344,29 €

Visto que a autorización, disposición e recoñecemento de obrigas son unhas das fases do procedemento de xestión dos gastos, de acordo co artigo 184.1 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Visto o disposto no artigo 185 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, que dispón que dentro do importe dos créditos autorizados nos orzamentos corresponderá a autorización e disposición dos gastos ao presidente ou ao Pleno da entidade de acordo coa atribución de competencias que estableza a normativa vixente. Así mesmo corresponderá ao presidente da corporación o recoñecemento e liquidación das obrigas derivadas de compromisos de gastos legalmente adquiridos. Estas facultades poderán desconcentrarse ou delegarse nos termos previstos polo artigo 23 da Lei 7/1985, de 2 de abril, que deberán recollese para cada exercicio, nas bases de execución do orzamento.

Visto o informe de REPARO de Intervención de data 21.05.2025 relativo á fiscalización das facturas da relación número F/2025/21 no que se sinala o seguinte:

“(…)

Que as obrigacións responden a gastos aprobados e, no seu caso, fiscalizados favorablemente, salvo que a aprobación do gasto e o recoñecemento da obrigación deban realizarse simultaneamente. INCÚMPRESE no caso da seguinte factura:

Nº REX	NºFRA	DATA FRA	CIF/NIF	NOME	TEXTO	TIPO CONTRATO	PROG	ECON	IMPORTE
F/ 2025/1205	25 121	30/04/2025	B82485855	HALLKUSS CORPORATION, S.L	SERVICIO DE LIMPIEZA VIARIA Y RECOGIDA DE RSU MES DE ABRIL DE 2025	SE	1621	22700	43.165,34 €

Non se seguiu o procedemento legalmente establecido, nin o disposto nas Bases de Execución do Orzamento.

Descrición da causa de reparo:

Facturas que corresponden a gastos tramitados sen seguir os procedementos fixados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público: Contratos menores.

De conformidade co disposto no artigo 118 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), considéranse contratos menores os contratos de valor estimado inferior a 40.000 euros*, cando se trate de contratos de obras, ou a 15.000 euros*, cando se trate de contratos de subministración ou de servizos, sen prexuízo do disposto no artigo 229 en relación coas obras, servizos e subministracións centralizados no ámbito estatal (* Excluído o IVE).



O mesmo artigo dispón que nos contratos menores a tramitación do expediente esixirá a emisión dun informe do órgano de contratación xustificando de maneira motivada a necesidade do contrato e que non se está alterando o seu obxecto co fin de evitar a aplicación dos limiares descritos no parágrafo anterior.

Así mesmo requirirase a aprobación do gasto e a incorporación ao mesmo da factura correspondente, que deberá reunir os requisitos que as normas de desenvolvemento desta Lei establezan.

No contrato menor de obras, deberá engadirse, ademais, o orzamento das obras, sen prexuízo de que deba existir o correspondente proxecto cando sexa requirido polas disposicións vixentes. Deberá igualmente solicitarse o informe das oficinas ou unidades de supervisión a que se refire o artigo 235 cando o traballo afecte á estabilidade, seguridade ou estanqueidade da obra.

A maior abundamento, as propias bases de execución do orzamento municipais esixen un procedemento mínimo de tramitación dos expedientes de contratos menores

(...)”

O reparo de Intervención basease fundamentalmente na omisión no expediente de requisitos ou trámites esenciais segundo o previsto nas bases de execución orzamentaria.

A pesar de que se toman en consideración as argumentacións apuntadas pola funcionaria, a situación de recursos e medios do concello impide que se regularicen todas estas prestacións sen afectar á boa marcha do concello e á satisfacción dos intereses municipais e prestación de servizos.

Nembargantes o anterior informe de intervención, o órgano competente, neste caso o Alcalde-Presidente, procede a levantar os reparos sinalados e ordena seguir a tramitación en relación co recoñecemento, fiscalización, aprobación de facturas e pago das mesmas, procedendo coa maior brevidade posible a tramitar os procedementos obxecto de reparo.

Dada a conformidade á obras, servizo ou subministro do que deriva a factura ou documento de cargo, mediante a seguinte dilixencia: “CONFORME” e a sinatura desta Alcaldía, conforme ao recollido nas Bases de Execución do Orzamento.

Visto que a ordenación de pagamento é unha das fases do procedemento de xestión dos gastos, de acordo co artigo 184.1.d) do RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Visto o artigo 61 do RD 550/1990, do 20 de abril, que desenvolve o Capítulo I do Título VI da Lei 39/1988, de 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais, en materia de orzamentos, o cal define a ordenación do pagamento como o acto mediante o cal o ordenador de pagamentos, de acordo cunha obriga recoñecida e liquidada, expide a correspondente orde de pagamento contra a Tesourería da Entidade.

Examinada a documentación que a acompaña, e de conformidade cos artigos 21.1.f) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Bases do Réxime Local; 186 do RDL 2/2004, de 5 de marzo; 41.17 do RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais; 62 do RD 550/1990, de 20 de abril, e as Bases 17ª e seguintes de Execución do



Orzamento do ano 2025, que é o prorrogado do ano 2024, os cales atribúen ao Presidente da Entidade Local as funcións da ordenación de pagamentos.

Tendo en conta a Lei 7/1985, de 2 de abril, Bases do Réxime Local; o RDL 2/2004, de 5 de marzo; o RD 550/1990, de 20 de abril, as Bases de Execución do Orzamento do ano 2025, que é o prorrogado de 2024, esta Alcaldía, en uso das facultades conferidas pola lexislación vixente,

RESOLVE:

PRIMEIRO.- Levantar o reparo suspensivo de Intervención, de conformidade co sinalado no artigo 217 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 do 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e ordenar que se continúe coa tramitación do expediente.

SEGUNDO.- Dar conta á Xunta de Goberno Local na próxima sesión que se celebre"

A Xunta de Goberno Local dáse por enterada.

13. ASUNTOS VARIOS

Non hai.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia accidental levántase a sesión ás 13:56 horas do expresado día, estendéndose a presente acta do que eu, como Secretaria, dou fe.

O PRESIDENTE ACCTAL
XOSE ANTON ARRIIBE RODRIGUEZ
(Resolución de Alcaldía N° 235/2025 de 23 de maio-
Delegación da Presidencia da Xunta de Goberno Local)

A SECRETARIA
ANA VELO RUIZ